

**NOTA INFORMATIVA**  
**AXENDA**

**Mércores 21**

**10.30 h.**

**-Visita didáctica ás Dependencias da Policía Local (última visita)**

Participarán escolares de educación de educación infantil do Colexio Nosa Señora dos Remedios. Lugar: instalacións da Policía Local (baixos de Raxoi).

**12.30 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, para presentar o concerto de Berrogüeto, que terá lugar o xoves 22 ás 21 horas no Auditorio de Galicia.

**20.00 h.**

No Salón Nobre da Casa do Concello, entrega de diplomas aos participantes no Proxecto Crear. No acto estarán o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, e o director xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, Pastor Fuenteseca Díaz.

**III Semana Cultural do Centro Sociocultural de A Trisca**

**11.00 - 13.00 h**

• Laboratorio de animación. Espazo onde se desenvolve a produción de clips de animación con plastilina e outros materiais. Experimentación cos procesos de bocetaxe, modelado, escenografía, fotografía, tratamento informático, montaxe e proxección. Visitarannos dous grupos de alumnos/as do CEIP Vilas Alborada.

**18.30 h**

• Visita á Imprenta Atlas para descubrir os procesos artesanais de impresión. Guía o tipógrafo Antonio Fernández.

**20.30 h**

• Velada-faladoiro literario "Sentires". Participan os clubs de lectura da Rede sociocultural. Velada aberta ao público interesado. Terraza.

**Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2006**